

**MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o vinte e dous de abril de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**19/263 PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES. DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDIMENTO E APERTURA DE NOVO PRAZO DE LICITACIÓN.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 1 de abril de 2015 que, na súa parte expositiva, fai constar:

**“ANTECEDENTES**

I.- Acordo numero 7/21 da Xunta de Goberno Local do 14 de xaneiro de 2015 polo que se aprobou o procedemento de licitación para o alleamento de vehículos municipais declarados efectos non utilizables mediante procedemento aberto.

II.- Anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 040, do 19 de febreiro de 2105

III.- Informe do Negociado de Rexistro do Concello de Lugo do 9 de marzo de 2015 no que indica que se presentou a mercantil DESGUACES HERBÓN, S.L.

IV.- Acta da Mesa de Contratación do 9 de marzo de 2015 que textualmente di:

*“Abre a sesión a Sra. Presidenta e procedese por parte do Sr. Secretario a lectura do informe do Negociado de Rexistro do día 9 de marzo de 2015 no que se pon de manifesto que á presente licitación se presentou a seguinte plica:*

*1.- DESGUACES HERBÓN, S.L.U.*

*De seguido procédese á apertura da documentación presentada pola citada empresa observando que achega unicamente un único sobre, incluíndo nel documentos correspondentes á documentación administrativa e documentos da oferta económica, sen estar separados en sobres independentes, incumprindo por tanto, o sinalado na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares, que sinala:*

*“...*

*A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A, implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.*

*“...”*

*Á vista do exposto a Mesa de Contratación propón excluír da presente licitación á oferta presentada pola empresa DESGUACES HERBÓN, S.L., e ao tratarse da única oferta presentada, iniciar un novo procedemento de cara ao alleamento dos citados vehículos.*

*Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.”*

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x180190263

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-4-2015

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.** O artigo 145 do TRLCSP establece que as proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares.

Neste caso DESGUACES HERBÓN non se axusta ó establecido no prego de cláusulas administrativas presentando un único sobre coa documentación administrativa e oferta económica, dando lugar este incumprimento ao rexeitamento da proposición, polo que procede excluír a esta empresa do procedemento.

Así mesmo e dado que foi a única empresa licitadora a Mesa de Contratación propón iniciar un novo procedemento de cara ao alleamento dos vehículos parecendo procedente realizar unha nova convocatoria con anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que tódolos posibles interesados presenten ofertas.

**Segunda.-** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes

2

CSV: 8/5h7nldivWcLGBkvqcvAQ==

#### SINATURAS

MARÍA CARMEN BASADRE VÁZQUEZ - TENENTE DE ALCALDE - AREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA  
JOSÉ CLEMENTE LOPEZ OROZCO - ALCALDE - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 2 / 4

DATAS(UTC)

29/04/2015 10:33:02

29/04/2015 10:33:03

(GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS); o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS); e a Ilma. Sra. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Desenvolvemento Local (GMS),  
**ACORDA:**

PRIMEIRO.- Excluir a DESGUACES HERBÓN, S.L.U., do procedemento de licitación convocado para o alleamento dos vehículos municipais declarados efectos non utilizables polos motivos recollidos na acta da Mesa de Contratación do 9 de marzo de 2015 que se dan por reproducidos a efectos da súa fundamentación e en consecuencia declarar deserto o procedemento ao non existir oferta ningunha admisible.

SEGUNDO.- Acordar a apertura dun novo prazo de licitación de quince días naturais contados dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para a presentación de ofertas, todo isto con suxeición ós mesmos pregos de cláusulas administrativas aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 14 de xaneiro de 2015 (acordo numero 7/21).

TERCEIRO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

CUARTO.- Notificarles esta resolución a DESGUACES HERBÓN, S.L.U., así como ás dependencias municipais afectadas con indicación de que esta resolución pon fin á vía administrativa e que contra ela caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación deste acto.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da**

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x180190263

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-4-2015

**Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.**



CSV: 8/5h7nldivWcLGBkVqcvAQ==

**SINATURAS**

MARÍA CARMEN BASADRE VÁZQUEZ - TENENTE DE ALCALDE - AREA  
DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA  
JOSÉ CLEMENTE LOPEZ OROZCO - ALCALDE - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 4 / 4

**DATAS(UTC)**

29/04/2015 10:33:02

29/04/2015 10:33:03